



## CARTA DIRIXIDA ÁS FAMILIAS DO ALUMNADO

Prezadas familias!

Para que o alumnado poida vir ás clases de teatro con seguridade informámosvos do protocolo de actuación que imos levar adiante de acordo coa normativa vixente:

1. Desinfección de todos os espazos.
2. Utilización á entrada e á saída de xel hidroalcolico.
3. Toma de temperatura.
4. O alumnado e o profesorado ensaiará en todo momento mantendo a **distancia de seguridade** e as **máscaras**.
5. **Ventilación constante e continuada do espazo de ensaio**. Usaranse medidores de CO2 en interior e permitirase un límite máximo de 600 ppm. Se o tempo o permite, os ensaios serán ao aire libre.

Debido á crise da COVID 19 e, seguindo as indicacións sanitarias, adaptamos as clases e as metodoloxías de traballo.

Haberá unha reunión informativa para as familias o **MÉRCORES, 29 DE SETEMBRO, ÁS 19:30 HORAS** no Salón de Actos do IES DE CACHEIRAS.

Aquel alumnado que desexe formar parte da AULA DE TEATRO deberá **cubrir e entregar a FICHA DE INSCRIPCIÓN** na Biblioteca do Centro durante os recreos **antes do 29 de setembro**.

Queremos aproveitar para dar a **BENVIDA Á AULA DE TEATRO DO IES DE CACHEIRAS** a todas e todos.

Un saúdo.

**AULA DE TEATRO DO IES DE CACHEIRAS.**